

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO - ACORDO DO SPIF Xuntanza do 10/04/2024

A comisión de seguimento do “Acordo de condicións de traballo dos postos de persoal funcionario do SPIF”, composta por dous membros de cada organización asinante e igual número de membros por parte da Administración, alcanzou hoxe un consenso unánime respecto á concreción das bandas horarias e rotacións resultantes da aplicación do acordo asinado.

Neste senso, dende CCOO, CSIF e UGT valoramos moi positivamente o resultado acadado, xa que o longo das sucesivas reunións, e recoñecendo as diferentes funcións, necesidades horarias e número de efectivos dispoñibles, as nosas propostas baseáronse na consecución dunhas carteleiras homoxéneas e equilibradas que deran como resultado un número similar de horas nocturnas totais en cómputo anual para o conxunto de especialidades do SPIF.

Deste xeito, todas as especialidades de persoal funcionario do SPIF (B.F. Xefes de Brigada, Bombeiros Forestais, Emisoristas/ Vixiantes e B.F. Condutores de Motobomba) estarán no entorno das 600 horas nocturnas anuais, alcanzando por primeira vez unha homoxeneización real da nocturnidade nas catro provincias e nos 19 Distritos Forestais, o que sempre foi una reivindicación histórica no servizo.

Asemade, ás bandas horarias e rotacións pactadas no día de hoxe dan cumprimento aos eixes fundamentais do acordo no relativo ás xornadas de traballo:

- 7 días de traballo cada dúas semanas. Secuencia 3-4 (M-J-V/L-X-S-D)
- Xornadas de 10 horas sen prolongacións (salvo incendios nivel 2: máximo dúas horas pagadas)
- Aplicación da xornada semanal de 35 horas en cómputo anual.
- Xornada máxima anual de 1550 horas fronte ás 1665 actuais.
- Máximo 155 días de traballo anuais fronte os cerca de 200 actuais (45 menos ao ano).
- Libranza de fins de semana alternos todo o ano e descanso dun mínimo da metade dos festivos anuais.

A continuación reproducimos a concreción de bandas horarias e rotacións

consensuadas no día de hoxe no seo da comisión de seguimento , tal e como establece o artigo 13 do “Acordo de condicións de traballo dos postos de persoal funcionario do SPIF”.

Os novos horarios entrarán en vigor o día 1 de maio, data na que empezará a ser efectivo o pago por tódolos domingos e festivos traballados

	FRANXAS HORARIAS			SECUENCIA
		Hora entrada	Hora saída	
BRIGADAS	M	8:00	18:00	T-T-M-M-N
	T	15:00	1:00	
	N	23:00	9:00	
CONDUTORES/AS DE MOTOBOMBA	M	8:00	18:00	M-M-T-T-M-M-N-N
	T	16:00	2:00	
	N	23:00	9:00	
POSTOS DE VIXILANCIA FIXA	M	8:00	18:00	N-M-T-T-M-N-T-T
	T	14:00	0:00	
	N	22:00	8:00	
CENTROS DE COORDINACIÓN	M	8:00	18:00	N-M-T-T-M-N-T-T
	T	14:00	0:00	
	N	22:00	8:00	

O día 22 de abril, a Dirección Xeral remitirá ás OOSS os cuadrantes anuais de todo o dispositivo, para a súa revisión antes da súa entrada en vigor o 1 de maio, nunha xuntanza da Comisión de seguimento a celebrar o vindeiro día 25 de abril.

Brigadas helitransportadas: a Administración mantén a súa proposta inicial e non acepta a proposta feita dende CSIF, UGT e CCOO. En todo caso, os empregados públicos disporán do dereito a 27 días laborables de vacacións con independencia da época do ano na que se desfruten, así como, do mesmo xeito que o resto do dispositivo o dereito ao desfrute de vacacións, asuntos propios, permisos e licenzas en días completos de traballo.

Por último, dende UGT, CCOO e CSIF reclamamos que trala posta en marcha do “Acordo...”, e en aplicación da súa Disposición Adicional Única, se inicien ás



negociacións para a extensión dos dereitos recoñecidos no novo acordo ao persoal fixo discontinuo do SPIF.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024